

Fracción de un número

1 Calcula.

$$\bullet \frac{4}{5} \text{ de } 45$$

$$\bullet \frac{7}{8} \text{ de } 72$$

$$\bullet \frac{5}{9} \text{ de } 90$$

$$\bullet \frac{7}{10} \text{ de } 450$$

$$\bullet \frac{6}{15} \text{ de } 600$$

$$\bullet \frac{5}{18} \text{ de } 720$$

2 Calcula y contesta.

- En una bolsa hay 60 bolas. Tres cuartos de las bolas son rojas y el resto, azules. ¿Cuántas bolas azules hay?

- En una caja hay 100 fichas. Tres veinticincoavos son verdes y el resto, rojas. ¿Cuántas fichas rojas hay en la caja?

3 Resuelve.

- Julián ha hecho hoy 20 pizzas en su restaurante. Un cuarto de las pizzas tienen como ingrediente principal *pepperoni*, dos quintos tienen jamón y el resto, atún. ¿Cuántas pizzas de atún ha hecho Julián hoy?
- Lucía tiene en su huerto un total de 80 árboles frutales. Tres octavos de los árboles son manzanos; un cuarto, naranjos; y el resto, perales. ¿Cuántos perales tiene Lucía en su huerto?



Creamos o noso herbario



1) **Pica no enlace para ver o vídeo:** <https://www.youtube.com/watch?v=kIU7kSOGxOs>

2) **Paso a paso:**

1º_ Recolle follas e flores da túa contorna. Anota o árbore da que a colliches. Se non sabes que árbore/arbusto é, descarga a aplicación para móbil Plantnet:

<https://play.google.com/store/apps/details?id=org.plantnet&hl=es>.

2º_ Seguimos as indicacións do vídeo para secar as follas e flores.

3º_ Facemos tarxetas que recollan esta información, adaptándoa a se é un arbusto, unha árbore ou unha planta pequena.

4º_ Coloca todo tal como se indica no vídeo.

3) **Información que deben conter as tarxetas:**

→ Nome común:

→ Nome científico:

→ Sen froitos ou con froitos? Se ten froitos, é unha anxiosperma ou unha ximnosperma?

→ Orixe.

→ Localización.

→ Usos.

→ Coidados.

→ Ten follas? Como son?

→ Folla perenne/caduca.

→ Como é o tronco? Podes facer un gravado no papel.

Ola, rapaces! Son Joseph Haydn, aínda que podedes chamarme Haydn! Seguro que xa oístes falar de min, xa que fun un gran amigo de Mozart e mestre de Beethoven.

Fun un gran bromista e, senón, xa veredes as que gastei!

Tamén compuxen moita música. Hoxe axudareivos a clasificar e coñecer



AS BROMAS DE HAYDN

Nacín cerca de Viena (Austria) e, con só 6 anos, os meus pais mandáronme co meu tío, que era director e mestre de música. Logo ingresei no coro da catedral de Viena e alí estiven 9 anos ata que me cambiou a voz e me despediron.

A partir de aí fun aprendendo cada vez máis e compoñendo moita música. Afortunadamente fun contratado por unha das familias máis ricas de todo o país, a familia Esterházy, onde traballei 30 anos.

Alí compuxen a "**Sinfonía dos Adioses**"!

1. **Ve este divertido vídeo (do minuto 3:19 ao 4:22) e descubre a broma. Por que lle chamou así a esta obra, á "Sinfonía de los Adioses"?**

PISTA (min 3:19 ao 4:22): <https://www.youtube.com/watch?v=0DuXjdkAYrg>

2. Sabías que Haydn escribiu moita música para cuartetos de corda? Identifica o nome dos instrumentos do cuarteto. Vai un vídeo onde podes escoitar o son dos catro. Pica aquí: <https://www.youtube.com/watch?v=HypaqGQbjCY>

-
-
-
-

3. **KAHOOT.** Identifica a familia dos instrumentos seguindo a clasificación técnica (cordófono, aerófonos, idiófonos, electrófonos ou membranófonos).

A) Repasa neste enlace. Mira atentamente o esquema e vai picando debaixo de cada cadro, no cadriño que ten forma de periódico. Conducirte a máis información que precisarás no Kahoot:

https://cmapspublic.ihmc.us/servlet/SBReadResourceServlet?rid=1263832495194_2034716846_40849&partName=htmltext

B) Xogo previo ao Kahoot, partindo do anterior. Dálle ao tic azul para comprobar se está ben. <http://mariajesuscamino.com/LIM/instrumentos1/>

C) **XOGO KAHOOT** (só dous intentos). Nel pregúntase por todo o anterior, incluído o da primeira folla. Atrévete a este reto? Pica no enlace:

https://kahoot.it/challenge/02051768?challenge-id=cd9d9c6c-c526-41c0-9e46-1be7c7216fbe_1590337349800



QUE CHE TRANSMITEN ESTAS PEZAS DE HAYDN ?

A) **Farewell** <https://www.youtube.com/watch?v=KXctarOxRz8>

- Transmíteme: _____.

B) **El reloj**: <https://www.youtube.com/watch?v=Bsblr6ZTm3I>

- Transmíteme: _____.

C) **Serenade**: <https://www.youtube.com/watch?v=XgbdqXGr1DQ>

- Transmíteme: _____.



Educación Artística

Semana do 25 ao 29 de maio

Educación Plástica

RETO DE DEBUXO

Esta semana imos repasar como se facían rectas paralelas e perpendiculares con escuadra e cartabón! Practicáramos ao comezo do curso mais imos repasar con estes vídeos.

- ¿Cómo tenemos que dibujar con escuadra y cartabón?
<https://www.youtube.com/watch?v=SI9URgFUgrw&t=12s>
- ¿Qué son las líneas paralelas? <https://www.youtube.com/watch?v=AnU-YeVQIqM>
- ¿Qué son las líneas perpendiculares?
<https://www.youtube.com/watch?v=hyubn0ZZnfQ>

OPCIÓN A)

- Debuxa nun folio e, de xeito proporcionado, co compás, as circunferencias (sen cargar, xa que logo o lapis ímolo borrar). Mira polo debuxo. Hai 8 circunferencias no debuxo.
- Comeza a facer paralelas e perpendiculares empregando a escuadra e o cartabón. Podes probar con lapis primeiro antes de facelo con rotuladores de cores. Podes seguir o deseño proposto. Ollo á limpeza



OPCIÓN B)

Debuxa a man alzada o debuxo, sen compás e logo traza rectas paralelas ou perpendiculares, seguindo o deseño. Emprega a escuadra e o cartabón.



TRUCO: Para non emborronar e manter a limpeza, podes empregar algodón mollado e un papel seco para limpar os instrumentos. Primeiro pásalle o algodón á zona da escuadra ou do cartabón manchada e logo o papel ata secalo ben, antes de volver a empregalo no papel. É importante cando se emprega moito e con moitas cores diferentes de rotuladores.